



11 FEB. 2015

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui  
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

## PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PÓLIZAS DE SEGURO MUNICIPAL ANUALIDADE 2016

### **OBXECTO DO CONTRATO:**

Contratación das pólizas de seguros dos Edifícios Municipais, de Responsabilidade Civil-Patrimonial e do Edificio Área Panorámica, segundo o detalle que se indica a continuación.

### **ORZAMENTO DO CONTRATO:**

O orzamento do contrato total das pólizas non poderá ser superior á cantidade total de 31.500,00 €, impostos incluídos.

### **DESCRICIÓN DAS PÓLIZAS A CONTRATAR E COBERTURAS MÍNIMAS.-**

#### **A).- POLIZA DE SEGURO DE EDIFICIOS MUNICIPAIS.-**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO.-** É obxecto do concurso a contratación polo Concello de Tui, como tomador da póliza, dun seguro dos edificios municipais (continente e contido) do Concello de Tui, conforme ás condicións que se especifican no presente prego, **as cales teñen a consideración de coberturas mínimas. A póliza a contratar terá carácter retroactivo ó 1 de xaneiro 2016.**

Este seguro deberá garantir as consecuencias económicas derivadas de sinistros, roubos ou outras circunstancias producidos nos bens que constitúen parte do patrimonio do Concello de Tui.

#### **Definicións de carácter xeral:**

**Tomador do Seguro.-** Persoa física ou xurídica que conxuntamente co Asegurador subscribe este contrato e ao que corresponden as obrigas que do mesmo se deriven, agás as que pola súa natureza deban cumprirse polo Asegurado.

**Asegurado.-** Persoa física ou xurídica titular do interese obxecto do seguro e que en defecto do Tomador asume as obrigas derivadas do contrato.

**Asegurador.-** A persoa ou persoas xurídicas que asumen a cobertura dos riscos contractualmente pactados de conformidade coas condicións da Póliza.

**Beneficiario.-** Persoa física ou xurídica que, previa cesión polo Asegurado, é o titular do dereito á indemnización.

**Terceiros.-** Calquera persoa física ou xurídica distinta de:

- O Tomador do seguro e o Asegurado.
- Os cónxuxes, ascendentes ou descendentes do Tomador do seguro e do Asegurado.
- Os familiares do Tomador do seguro e do Asegurado que convivan con eles.
- Os socios, directivos, asalariados e persoas que, de feito ou dereito, dependen do Tomador do seguro ou do Asegurado, mentres actúen no ámbito de dita dependencia.



**Póliza.-** Documentos que conteñen as condicións reguladoras do contrato de seguro. Forman parte integrante da póliza: As condicións Xerais, as Condicións Particulares, as Especiais e os suplementos ou apéndices que se emitan á mesma para complementala ou modificala.

**Suma Asegurada/Límite máximo de indemnización.-** A cantidade fixada en cada unha das partidas da póliza constitúe o límite máximo de indemnización a pagar por tódolos conceptos polo Asegurador en caso de sinistro.

**Prima.-** O prezo do seguro. O recibo conterá, ademais, os recargos e impostos que sexan de legal aplicación.

**Sinistro.-** Todo dano causado por un feito súbito, accidental e imprevisto, ocorrido dentro do período de vixencia da póliza e cubertas pola póliza. Se considerará como un solo e único sinistro o conxunto de danos e ou prexuízos derivados dunha mesma causa non excluída, coincidentes no lugar e tempo.

**Bens asegurados e sumas aseguradas:**

**Situación 1: CASA DO CONCELLO**

**Enderezo:** R/ PRAZA DO CONCELLO, 1

EDIFICACIÓN:	870.000,00
CONTIDO:	200.000,00

Incluirase así mesmo de suma asegurada no capital do contido por inclusión de 145 libros do **arquivo histórico de Tui** de antigüidade entre os anos 1597 e 1834 valorado no seu conxunto na cantidade de 2.610.000 €.

**Situación 2: ESCOLA TALLER (CÁRCERE VELLA)**

**Enderezo:** R/ SANZ

EDIFICACIÓN:	132.000,00
CONTIDO:	33.000,00

**Situación 3: CONSERVATORIO**

**Enderezo:** AVDA. CONCORDIA

EDIFICACIÓN:	247.500,00
CONTIDO:	115.805,30

**Situación 4: MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS**

**Enderezo:** R/ MARISTAS

EDIFICACIÓN:	100.000,00
CONTIDO:	400.000,00

**Situación 5: PAVILLÓN POLIDEPORTIVO**

**Enderezo:** R/ CANONIGO VALIÑO

EDIFICACIÓN:	510.000,00
CONTIDO:	6.600,00

**Situación 6: GARAXE DE VEHÍCULOS**

**Enderezo:** Guillarei-Gándara

EDIFICACIÓN:	265.000,00
CONTIDO:	600.000,00



**Situación 7: TALLERES NAVE MUNICIPAL**

**Enderezo:** Guillarei-Gándara

EDIFICACIÓN: 126.700,00  
CONTIDO: 20.000,00

**Situación 8: CENTRO MUNICIPAL DE REMO**

**Enderezo:** Rúa do Parador

EDIFICACIÓN: 220.000,00  
CONTIDO: 6.600,00

**Situación 9: CENTRO MUNICIPAL DE PIRAGÜISMO**

**Enderezo:** Rúa do Parador

EDIFICACIÓN: 110.000,00  
CONTIDO: 6.600,00

**Situación 10: CASETA ANTENA RADIO-TELEVISIÓN**

**Enderezo:** MONTE ALOIA

CONTIDO: 44.000,00

**Situación 11: EDIFICIO ANTIGO MATADEIRO**

**Enderezo:** R/ Bispo Salvado

EDIFICACIÓN: 100.000,00

**Situación 12: EDIFICIO CURSOS DE FORMACION OCUPACIONAL**

**Enderezo:** Guillarei-Gándara

EDIFICACIÓN: 300.000,00  
CONTIDO: 132.000,00

**Situación 13: CENTRO INTERFEDERADO**

**Enderezo:** Rúa do Parador

EDIFICACIÓN: 1.000.000,00  
CONTIDO: 227.106,00

**Situación 14: MUSEO-AULA UNED DE SANTO DOMINGO.**

**Enderezo:** Rúa Antero Rubín.

EDIFICACIÓN: 254.529,36  
CONTIDO: 37.093,98

**Situación 15: NOVO PAVILLÓN MUNICIPAL.**

**Enderezo:** Transversal Canónigo Valiño.

EDIFICACIÓN: 1.104.840,00  
CONTIDO: 245.520,00

**Situación 16: PAVILLÓN DEPORTIVO "A MACOCA"**

**Enderezo:** Pazos de Reis - Complexo deportivo A Macoca.

EDIFICACIÓN: 550.000,00  
CONTIDO: 6.600,00

**Situación 17: ANTIGA ESCOLA DE CHANS, EN RANDUFE**

**Enderezo:** Chans-Randufe.

EDIFICACIÓN: 90.000,00  
CONTIDO: 6.000,00

**Situación 18: CAMPO DE FÚTBOL COMPLEXO DEPORTIVO ÁLVAREZ DURÁN**

Randufe - Chans.

EDIFICACIÓN:	400.000,00
CONTIDO:	6.000,00

**Situación 19: CAMPO DE FÚTBOL RIBADELOURO**

Ribadelouro

EDIFICACIÓN:	120.000,00
CONTIDO:	3.000,00

**Situación 20: CAMPO DE FÚTBOL CALDELAS- FOXO**

Cadelas-Foxo

EDIFICACIÓN:	120.000,00
CONTIDO:	3.000,00

**Situación 21: CAMPO DE FÚTBOL DE GUILLAREI**

Guillarei

EDIFICACIÓN:	120.000,00
CONTIDO:	3.000,00

**Situación 22: PISCINAS MUNICIPAIS**

Parte traseira rúa Canónigo Valiño

EDIFICACIÓN:	10.000,00
CONTIDO:	80.000,00

**Situación 23: CENTRO CULTURAL DE RANDUFE**

Parroquia de Randufe.

EDIFICACIÓN:	453.000,00
CONTIDO:	60.000,00

**Situación 24: CENTRO CULTURAL DE PARAMOS**

Parroquia de Paramos.

EDIFICACIÓN:	215.000,00
CONTIDO:	30.000,00

**Situación 25: VIVIENDAS DE CALDELAS PROPIEDAD DO CONCELLO**

Número de vivendas: 11 vivendas e anexo vivenda accesible. M<sup>2</sup> totais: 749,75 m<sup>2</sup>  
Valoración edificación (Segundo adxudicación construción e parte proporcional)  
aprox.: 350.000,00 €

**Situación 26: PALCO MÚSICA CARRASCO**

EDIFICACIÓN:	40.000,00
--------------	-----------

**Situación 27: EDIFICIO LATERAL CENTRO DE SAÚDE**

EDIFICACIÓN:	160.000,00
--------------	------------

**Situación 28: EDIFICIO MARINA**

EDIFICACIÓN:	110.000,00
CONTIDO:	6.000,00

**Situación 29: EDIFICIO ANTIGO CAM-FRAM**

EDIFICACIÓN:	110.000,00
--------------	------------

DOCUMENTO APROBADO EN  
SESIÓN DE XUNTA DE GOBERNO  
LOCAL DE DATA:

11 FEB, 2015



11 FEB. 2015

## COBERTURAS:

RISCOS CUBERTOS	LIMITE INDEMNIZACIÓN
Incendio, explosión e caída de raio	100% edificación e contido.
Acción da auga	100% edificación e contido.
Fenómenos atmosféricos e riscos complementarios	100% edificación e contido.
Reposición e posta en orde de arquivos	30.000,00€.
Reposición de moldes	60.000,00€.
Rotura de cristais	3.000,00 € a primeiro risco
Reparación estética	3.000,00 € a primeiro risco
Asistencia	Incluída.
Fenómenos eléctricos	6.000,00 € a primeiro risco
Dano eléctrico	30.000,00 € a primeiro risco
Avaría de equipos electrónicos	30.000,00 €. a primeiro risco
Incendio de vehículos en repouso	600.000,00 €
Roubo	50% do total da suma do contido dos bens incluídos.
	Metálico en caixa forte 6.000,00 €
	Metálico en moble 600,00 €
	Transporte de metálico 6.000,00 €

**Non se admitirá na póliza de seguros ningún tipo de franquicia mínima para os riscos cubertos.**

**BENS ASEGURABLES.-** Quedarán cubertos polo seguro os bens tanxibles e que constitúan o patrimonio do Asegurado ou sobre os que teñen interese asegurable, que serán os comprendidos na relación anterior, incluídas as obras de mellora e reforma de edificios propiedade de terceiros.

**RISCOS CUBERTOS.-** Estarán incluídas tódalas coberturas indicadas na táboa anterior.

- INCENDIO, EXPLOSIÓN E CAÍDA DE RAIOS.-** A reparación dos danos materiais que sufran os bens asegurados ou a reposición cando desaparezan ou se destrúan como consecuencia directa de:
  - Incendio, entendéndose como tal a combustión e o abrasamento con lapa, capaz de propagarse, de obxectos que non estaban destinados a queimarse no lugar e intre no que se produce.
  - Explosión, entendéndose como tal a expansión súbita e violenta de gases ou vapores a presión, a causa dunha reacción física ou un proceso químico. Non se considera explosión a rotura de válvulas, discos, diafragmas, tapones de seguridade, nin aparatos eléctricos.
  - Caída de raio, entendéndose como tal o impacto directo dunha descarga eléctrica de orixe atmosférico. Non se considera caída de raio os efectos da electricidade inducida sobre as propias instalacións e aparatos eléctricos conectados á rede.



2. **ACCIÓN DA AUGA.-** A reparación dos danos materiais que sufran os bens asegurados ou a reposición cando desaparezan ou se destrúan como consecuencia directa da acción do auga por:
  - a. Rotura ou desbordamento das instalacións, filtracións, omisión de peche de billas ou chaves de paso, inundación (entendéndose como tal a acumulación de auga sobre a superficie do terreo como consecuencia, exclusivamente, do desbordamento de lagos sen saída natural, canles e outros artificiais, de superficie ou subterráneos). Quedará comprendida na indemnización ou valor parcial a cobertura dos gastos derivados, entendéndose por tales o conxunto de desembolsos que daba realizar ou prestados por terceiros, con ocasión ou como consecuencia dun sinistro:
    1. Para a localización do escape de auga.
    2. Para o desembarre e extracción de lodos.
3. **FENÓMENOS ATMOSFÉRICOS E RISCOS COMPLEMENTARIOS.-** A reparación dos danos materiais que sufran os bens asegurados ou a reposición cando desaparezan ou se destrúan como consecuencia directa de:
  1. Tormentas, entendéndose como tal a acción directa de: Vento, sarabia, peso da neve acumulada, penetración no interior da edificación por fenómenos atmosféricos descritos anteriormente.
  2. Impacto, entendéndose por tal:
    - a. Caída de aeronaves ou astronaves ou obxectos que caían nelas.
    - b. Choque de cousas ou animais procedentes do exterior.
    - c. Acción de ondas sónicas.
  3. Acción do fume producido por escapes repentinos fora dos canles de evacuación normais que se produzan de forma súbita e accidental.
  4. Efectos secundarios por acción de vapores, carbonilla e outras derivacións.
  5. Vandalismo. (Non entraría neste concepto a accións de pintadas, pegadas de carteis e accións similares sobre fachadas, muros e bens sitos ao aire libre).
  6. Os desperfectos na edificación por roubo ou intento se non está contratado o risco de roubo.
4. **ROTURA DE CRISTAIS.-** A reposición dos cristais da edificación asegurada cando se destrúan como consecuencia directa da súa rotura entendéndose por tal a fragmentación de vidros planos, rótulos e letreiros, incluso de plástico, luminosos ou non. Non se entende por rotura os simples defectos estéticos por desconchados, raiaduras e similares.

A cobertura dos gastos derivados, entendéndose por tales o conxunto de desembolsos que deba realizar o Asegurado para o pagamento do servizo, prestados por terceiros, con ocasión e como consecuencia dun sinistro para a colocación dos cristais e rótulos repostos.

5. **REPARACIÓN ESTÉTICA.-** Inclúirse o maior custo que orixine o sinistro cuberto pola póliza para conseguir a restauración estética da habitación ou estancia sinistrada da Edificación, se está asegurada, ó non ser posible efectuar a reparación con materiais que salvagarden no posible, a desexable uniformidade de aparencia.



11 FEB. 2015

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui  
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

6. **ASISTENCIA E URXENCIAS.- Servizo de Asistencia.-** Posta a disposición do asegurado dunha rede de asistencia para prestar nos prazos máis breves posibles, os servizos de profesionais cualificados de fontanería, electricidade, pintura, cerraxería, carpintería metálica, cristalería, persianas, moquetas, parqué, tapicería e vernizado, antenas e porteiros automáticos, electrodomésticos, televisión e vídeo, albanelería, xeso, escaiola e contratas de obras.

**DANOS E GASTOS ADICIONAIS CUBERTOS.-** O Asegurador indemnizará ata o sublímite mínimo indicado anteriormente, os gastos que afecten ós bens asegurados, que sexan consecuencia dun sinistro cuberto.

Estará incluído na indemnización a cobertura dos gastos derivados, entendéndose por tales o conxunto de desembolsos que deba realizar o Asegurado para o pagamento dos seguintes servizos, prestados por terceiros, con ocasión e como consecuencia dun sinistro:

- **Gastos de salvamento**
- **gastos de extinción**
- **gastos de demolición e desentullo**
- **gastos de reparación ou reconstrución necesarios e adicionais para reparar ou reconstruír as partes materialmente danadas dos edificios ou estruturas debido a un sinistro cuberto na póliza**
- **gastos de demolición das partes non estragadas materialmente dos edificios ou estruturas e reconstruír ditas partes cos materiais adecuados** (sempre que sexan xustificadas polo perito)
- **gastos de reparación provisional e para axilizar a reparación, gastos de limpeza, desbarre e extracción de lodos; gastos de descontaminación, transporte e almacenamentos especiais** (queda excluído calquera contaminación dos bens asegurados que non sexa consecuencia dun sinistro indemnizable polas coberturas da póliza así como as reclamacións efectuadas contra o Asegurado pola contaminación producida no exterior dos recintos asegurados, calquera que sexa a súa causa)
- **reposición de arquivos**
- **reposición de moldes, matrices, deseños, patróns e planos**
- **permisos e licencias**
- **reconstrución de xardíns**
- **desaloxo forzoso da edificación asegurada**
- **maquinaria de procedencia estranxeira ou materias primas** (se por un sinistro cuberto pola póliza resultara danada a maquinaria ou materias primas de procedencia estranxeira e non fose posible reparala ou fose necesario substituíla, a indemnización se determinará engadindo tódolos custos que xurdan por mor da súa importación así como eventuais bonificacións ata rematar a súa instalación nos locais do Asegurado)
- **horas extraordinarias** (como consecuencia de traballos nocturnos ou en días de festa)
- **transportes urxentes**
- **honorarios de profesionais externos**
- **honorarios de peritos do Asegurado**
- **gastos de vixilancia**
- **perda de alugueres**



11 FEB. 2015

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui  
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

- **rotura de lúas, cristais, letreiros e rótulos luminosos** (sempre que estean instalados en portas, fiestras, fachadas exteriores, vitrinas e mostradores, ou sirvan de decoración, quedando así mesmo cubertos os gastos de transporte e colocación. As inscricións, grabados ou calquera outra traballo realizado sobre os obxectos asegurados quedan comprendidos nesta garantía unicamente cando o dano se produza a consecuencia da rotura da peza sobre a que estaban)
- **danos estéticos**
- **dano eléctrico pola electricidade, caída de raio, ou causas inherentes ó funcionamento, aínda cando non se derive incendio**
- **avaría de equipos electrónicos**
- **incendio de vehículos en repouso**
- **roubo:**
  - o **metálico en caixa forte**
  - o **metálico en moble**
  - o **transporte de metálico.**

Tamén serán bens asegurables todos os mobles de terceiros que estean en poder ou baixo custodia do Asegurado ou das persoas das que debe responder. Calquera propiedade da que sexa responsable o Asegurado.

## **B).- POLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL-PATRIMONIAL.-**

**1.- OBXECTO DO CONTRATO.-** É obxecto do concurso a contratación polo Concello de Tui, como tomador da póliza, dun Seguro de Responsabilidade Civil Xeral/Patrimonial, Patronal e Profesional conforme ás condicións que se especifican no presente prego, **as cales teñen a consideración de coberturas mínimas. A póliza a contratar terá carácter retroactivo ó 1 de xaneiro de 2016.**

**2.- OBXECTO DO SEGURO.-** O presente contrato de Seguro garante as consecuencias económicas derivadas da responsabilidade civil e patrimonial, conforme ó ordenamento xurídico en vigor, durante a vixencia deste seguro, que poidan corresponder directa, subsidiaria ou solidariamente ó asegurado polos danos corporais, materiais e prexuízos a consecuencia deles, ocasionados involuntariamente a terceiros como persoa xurídica de dereito público, por feitos que teñan relación directa e deriven do risco do exercicio das súas competencias e das instalacións e propiedades municipais.

**3.- ASEGURADOS.-** Terán a consideración de asegurados: O Concello de Tui, os seus representantes, directivos, tódalas autoridades e membros da Administración, funcionarios, empregados e, en xeral, cantas persoas dependen, de feito ou de dereito, do tomador do seguro ou do asegurado, mentres actúen no exercicio das súas funcións e ámbito de dita dependencia. A condición de asegurado aplicarase a todo o persoal que preste os seus servizos para os organismos citados, calquera que fose a súa relación de dependencia laboral ou administrativa (funcionario con praza en propiedade, interino, contratado ou similar) sempre que sexan remunerados polos citados organismos. Inclúe asemade ó persoal en formación e/ou en prácticas e os traballadores incorporados en plans de ocupación.





**4.- TERCEIROS.-** Terán a consideración de terceiros ós efectos deste contrato:

- Os asegurados, persoas físicas, na súa calidade de usuarios da asistencia e dos servizos da Administración contratante.
- Calquera persoa física ou xurídica distinta do contratante do seguro e dos asegurados, sempre que acredite haber sufrido prexuízos ou danos avaliábeis economicamente, como consecuencia das actividades dos asegurados.

**5.- ALCANCE DO SEGURO. RISCOS CUBERTOS.-** A póliza debe garantir:

- Responsabilidade civil/patrimonial do asegurado por danos ou prexuízos causados a terceiros polas Autoridades: Alcalde–Presidente, Concelleiros, Técnicos, Funcionarios, persoal laboral fixo ou eventual, e por aquelas persoas de quen deban responder no desenvolvemento das actividades propias do Concello.
- Asemade, garántese a responsabilidade civil/patrimonial que puidera serlle esixida ó asegurado derivada de:
  1. A propiedade, posesión, alugamento ou usufruto de edificios e terreos, en tanto se destinen exclusivamente a fins administrativos, ou para vivendas oficiais de funcionarios e traballadores, así como edificios dedicados a centros de ensino, garaxe para vehículos municipais, bibliotecas, exposicións, instalacións culturais e deportivas e cantos edificios sexan propiedade do Concello. **Faise constar así mesmo que na póliza de responsabilidade civil estará incluído o Edificio da Área Panorámica, que garante posibles danos a terceiros.**
  2. Como promotor ou construtor, dirección facultativa e coordinación de seguridade e saúde no seu caso, de obra nova, obra de ampliación, reforma ou de mantemento.
  3. A titularidade da rede de estradas dependentes do Concello de Tui, así como dos traballos de construción, mantemento e conservación das mesmas.
  4. A propiedade de animais domésticos, vehículos sen motor e bens mobles en xeral.
  5. A propiedade de sinais de tráfico, semáforos e farois.
  6. A organización de actos culturais, recreativos, sociais e deportivos.
  7. Como propietario de obras ou construtor, por medio do seu persoal, de inmobles, ou outras edificacións de competencia local.
  8. A responsabilidade extracontractual que subsidiariamente puidera corresponderlle ó Concello de Tui por actos ou omisións de contratistas e subcontratistas.
  9. A propiedade ou explotacións de campos de fútbol, piscinas e instalacións deportivas en xeral.
  10. Danos materiais a consecuencia de incendio e/ou explosión.
  11. A derivada de danos materiais a consecuencia de derrame accidental e imprevisto de auga por omisión de peche de billas, rotura e obstrución de canalizacións, desaugadoiros, depósitos fixos ou conducións de calefacción ou refrixeración de inmobles en instalacións propiedade do Concello, sempre que os danos teñan como orixe avarías ou roturas/conducións en instalacións propiedade do Concello.



11 FEB. 2015

12. A actuación profesional de arquitectos, aparelladores, enxeñeiros e técnicos do Concello, mentres exerzan as súas funcións para e por conta do Concello e excluindo sempre titulacións sanitarias.

Os efectos da póliza que se propón, enténdese por concepto de lesión ou danos:

1. Danos corporais incluíndo lesión, enfermidade e morte.
2. Danos materiais: dano, deterioro, destrución ou perda dunha cousa, así como o dano ocasionado ós animais.
3. Os prexuízos consecuenciais dun previo dano material e/ou corporal. A perda económica consecuencia directa dos danos corporais ou materiais sufridos polo reclamante.

**Dado que con data 1 de xaneiro 2014 o Consorcio para a Xestión do Ciclo da Auga do Louro asumiu as competencias do abastecemento de auga e saneamento da rede municipal, as coberturas de danos derivados da rede de abastecemento de auga e sumidoiros quedarán excluídos da póliza municipal.**

**6.- RESPONSABILIDADE CIVIL PATRONAL POR ACCIDENTES DE TRABALLO.-** Mediante esta cobertura o asegurador garante ó tomador do seguro/asegurado as indemnizacións pecuniarias que veña obrigado a satisfacer por sentenza firme, no caso de reclamacións presentadas polo seu persoal asalariado, ou os seus dereitohabentes, a causa de danos corporais ou morte de dito persoal, que sexan consecuencia de accidentes de traballo sufridos no exercicio das súas funcións ó servizo do asegurado.

Quedarán por tanto garantidas as reclamacións que puideran presentarse contra o asegurado ó amparo dos artigos 1.902 ó 1.910 do Código Civil por:

- As persoas que traballan ó seu servizo e que estean amparadas efectivamente polo Seguro Obrigatorio de Accidentes de Traballo, ou os seus dereitohabentes.
- As Entidades e Organismos que asumisen o Seguro de Accidentes de Traballo polo custe das prestacións sanitarias satisfeitas.

Quedan igualmente garantidas:

- As reclamacións como consecuencia de accidentes de traballo que fosen motivados, en todo ou en parte, por accións ou omisións das que deba responder o asegurado ou as persoas que del dependan e das que poida resultar subsidiariamente responsable.
- O pago das costas e gastos xudiciais ou extraxudiciais inherentes ó sinistro e a constitución de fianzas civís e penais de acordo co disposto nas condicións xerais da póliza.

**7.- GASTOS EN DEFENSA E FIANZA.-** Para os asegurados con responsabilidade cuberta por esta póliza en relación cos feitos sinalados nela quedan tamén garantidas:

1. A constitución das fianzas xudiciais esixidas para garantir as resultas civís do procedemento.
2. As costas xudiciais, que serán aboadas na mesma proporción existente entre a indemnización que deba satisfacer o asegurador e o importe total da responsabilidade do asegurado no sinistro.



11 FEB, 2015

3. O asegurador asumirán a dirección xurídica fronte a reclamación do prexudicado e serán da súa conta os gastos de defensa que se ocasionen.
4. As prestacións citadas anteriormente serán de aplicación asemade no caso de procesos criminais contra o asegurado que teñan a súa causa no exercicio da actividade obxecto do seguro, previo consentimento do defendido.

**8.- LIBERACIÓN DE GASTOS.-** A suma asegurada pola póliza entendese liberada de calquera dedución polos gastos xudiciais mencionados si estes, engadidos á indemnización satisfeita excedesen do límite por sinistro sempre e cando se trate de accións formuladas ante os Tribunais españois.

**9.- RISCOS EXCLUÍDOS.-** Co obxecto de promover ó máximo a concorrencia das compañías á contratación do seguro que se delimita no presente prego, non se especifican as exclusións, para que poidan ser delimitadas polas ofertas técnicas que presenten as diferentes compañías.

Neste senso, o órgano de contratación valorará a proposición que sexa mais vantaxosa, de acordo cos contidos do informe técnico que se emita pola unidade correspondente e os criterios de ponderación fixados no prego de cláusulas administrativas particulares.

**10.- ÁMBITO TERRITORIAL.-** A cobertura da póliza soamente amparará reclamacións feitas ante a xurisdición española por feitos ocorridos en España que se traduzan en responsabilidades ou outras obrigas impostas con arranxo ás disposicións legais vixentes no territorio español.

**11.- ÁMBITO TEMPORAL.-** Ós efectos da cobertura da póliza, o presente seguro ampara as consecuencias dos sinistros ocorridos durante ó período de vixencia, é dicir, dende o efecto inicial da póliza ata a data de extinción do contrato, sempre que a comunicación do sinistro ó asegurador se formule durante a vixencia do seguro ou no prazo máximo de 12 meses a partir da data de extinción do mesmo, sen prexuízo dos prazos de prescrición.

**12.- RISCOS CUBERTOS.-** Ó obxecto de presentación de propostas deberán presentarse cotizacións sobre os seguintes limites mínimos de indemnización por sinistro:

Límite global mínimo, en conxunto, para todo tipo de responsabilidades:

Por sinistro ..... 300.506 €

Por ano de seguro ..... 300.506 €

Por vítima ..... 300.000 €

En caso de invalidez permanente... 300.000 €

Asistencia médico farmacéutica: Durante un ano a partir do sinistro.

**Non se admitirá ningunha franquicia mínima para as coberturas aseguradas na póliza.**



11 FEB. 2015

EXCMO. CONCELLO DE TUI

Praza do Concello, nº 1 – 36700 – Tui  
Telef: 986 603 625 – Fax: 986 604 148

### C.- PÓLIZA DE SEGURO DE EDIFICIO DA ÁREA PANORÁMICA.-

**1.- OBXECTO DO CONTRATO.-** É obxecto do concurso a contratación polo Concello de Tui, como tomador da póliza, dun seguro do edificio da Área Panorámica, conforme ás condicións que se especifican no presente prego, **as cales teñen a consideración de coberturas mínimas. A póliza a contratar terá carácter retroactivo ó 1 de xaneiro de 2016.**

**2.- OBXECTO DO SEGURO.-** O presente seguro é garantir as prestacións previstas para compensar en caso de sinistro á Comunidade Autónoma de Galicia, que será a beneficiaria e a asegurada.

**3.- DESCRICIÓN DA ACTIVIDADE ASEGURADA E VALORACIONES.-** Edificio da Área Panorámica:

Edificación: 2.200.000,00 €.-

Contido, incluído a Radio Municipal: 450.000,00 €

**4.- COBERTURAS.-** Faise constar, así mesmo, que na póliza de responsabilidade civil estará incluído o Edificio da Área Panorámica, que garante posibles danos a terceiros.

RISCOS CUBERTOS	LIMITE INDEMNIZACIÓN
Incendio, explosión e caída de raio	100% de Edificación /Axuar
Acción da auga	100% de Edificación/Axuar
Fenómenos atmosféricos e riscos complementarios	100% de Edificación/Axuar
Reposición e posta en orde de arquivos	30.000,00€.
Reposición de moldes	60.000,00€.
Rotura de cristais	3.000,00 € a primeiro risco
Fenómenos eléctricos	6.000,00 € a primeiro risco
Dano eléctrico	105.130 € a primeiro risco
Danos estéticos	3.000,00 € a primeiro risco
Avaría de equipos electrónicos	30.000,00€. a primeiro risco
Roubo	225.000,00 €
Metálico en caixa forte	6.000,00 €
Metálico en moble	600,00 €
Transporte de metálico	6.000,00 €

Para as referidas coberturas **non se incluírá franquicia** pola compañía aseguradora.

Tui, 15 de decembro de 2015.

O ARQUITECTO MUNICIPAL

O ALCALDE

Javier Antoñón Clemente

Enrique Cabaleiro González

